

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **18 de outubro de 2017**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Jorge Pumar Tesouro DEPUTADOS/AS: D. ^a Montserrat Lama Nóvoa D. ^a Consuelo Vispo Seara D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D. ^a María Teresa Cerdeira Valiñas D. ^a Isabel Gil Álvarez D. José Ignacio Gómez Pérez D. Adolfo González Nóvoa D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Francisco Cacharro Gosende INTERVENTORA ACCTAL.: D. ^a Begoña Álvarez Matos	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 18 de outubro de 2017 , ás 17.00 horas, baixo a presidencia de don Jorge Pumar Tesouro e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes ditames:
---	--

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 20 DE SETEMBRO DE 2017.- En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de setembro de 2017, non se formulan observacións quedando aprobada por unanimidade.

2º.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 151/2017, DO 2 DE OUTUBRO, DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N.º 2 DE OURENSE, POLA QUE SE DECLAROU A NULIDADE DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO CONCURSO ORDINARIO PARA PROVISIÓN DE DIVERSOS POSTOS DE TRABALLO DA RPT DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

O **Sr. presidente** da comisión di que a inclusión deste asunto foi iniciativa súa co fin de facilitar a información relativa a esta sentenza de forma rigorosa, para evitar que haxa interpretacións erróneas ao respecto.

O **Sr. secretario** expón o contido da sentenza, informando que tras a súa análise, os servizos xurídicos da Corporación consideran que debe procederse a recorrela en apelación. En síntese, a sentenza anula o concurso ordinario de postos de traballo do ano 2016, ao considerar ilegal a base segunda do concurso, por esixir como requisito para participar no proceso que o persoal tivese a categoría profesional prevista para cada posto na RPT. Considera que a sentenza incorre en dous erros: en primeiro lugar, considerar ilegal a esixencia do requisito de categoría profesional, xa que estima que o dito requisito é unha esixencia derivada do sistema de clasificación dos postos, que é conforme ao establecido na lexislación aplicable, basicamente na estruturación do emprego público local, establecida no texto refundido de réxime local do 18 de abril de 1986; en segundo lugar, a sentenza sería errónea, por interpretar que ese requisito implica a esixencia de ter desempeñado previamente o posto convocado, o cal non é certo, xa que a categoría profesional se adquire por acceso ao emprego público no proceso selectivo correspondente, e non polo desempeño de determinados postos. Conclúe a súa intervención sinalando que en todo caso a base segunda foi redactada desde Secretaría Xeral, seguindo criterios estritamente xurídicos e sen que se recibise ningún tipo de instrución política ao respecto.

O **Sr. presidente** da comisión sinala que o concurso agora anulado foi un proceso que no seu día fora demandado por todos os sindicatos, Xunta de Persoal e Comité de Empresa.

D.ª Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista, tras pedir unha serie de aclaracións sobre as explicacións dadas polo Sr. secretario, manifesta que en todo caso lle ofrece maior

confianza o criterio do xulgado, e pregunta cal será a repercusión para a Deputación en caso de confirmarse a sentenza polo Tribunal Superior.

O **Sr. presidente** da comisión di que de confirmarse a sentenza o concurso quedaría anulado e o persoal afectado volvería aos seus postos de orixe, e convocaríase un novo concurso.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, di que o que subxace á vista desta sentenza é que, ao mellor, nas bases se conculcou algún tipo de dereito fundamental en relación cos méritos. Pregunta cal é a situación do persoal afectado mentres se resolve o recurso de apelación.

O **Sr. presidente** da comisión di que en tanto a sentenza non sexa firme, a resolución do concurso é efectiva e, polo tanto, ese persoal manterase nos seus postos.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, di que cre que é necesaria unha reflexión sobre este asunto, porque tras escoitar as explicacións do Sr. secretario o asunto parece confuso, e faise complicado crer que un xuíz poida confundir os conceptos de praza e posto e emitir esta sentenza.

O Sr. secretario di que non é tan sorprendente que poidan existir diferenzas á hora de interpretar as normas e que é habitual que en vía de recurso uns tribunais manifesten criterios diferentes a outros. Indica que en todo caso este expediente ten certa complexidade, pero a lexislación procesual obrigou a tramitalo a través dun procedemento contencioso abreviado, que se tramita nunha vista oral, e ao mellor este feito incidiu no proceso.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, pregunta que vai suceder coas maiores retribucións que mentres se tramite o recurso vai percibir o persoal afectado.

O **Sr. presidente** da comisión di que non ten sentido analizar agora un escenario que aínda non existe.

D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista, lembra a solicitude que formulou o seu grupo para que o Servizo de Recursos Humanos emita un informe sobre as consecuencias que pode ter esta sentenza e cre que en todo caso, sen prexuízo da complexidade do asunto, unha vez examinadas as bases hai moitos aspectos que serían mellorables.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, comeza dicindo (en referencia ao tratado no punto segundo) que estas cousas non ocorrerían se a oposición puidese participar nos procesos de elaboración das bases, e pregúntase por qué non se lle deixa participar nestas cousas. Cre ademais que nesta cuestión o goberno provincial non se pode escudar só en temas técnicos, xa que os responsables somos os políticos. Lembra que no seu día se esgrimiron sentenzas por parte do Grupo Popular para criticalo a el como alcalde de Ribadavia de modo inxusto. Con respecto ao tema da transparencia nesta materia, o feito é que a información sobre esta cuestión a deron primeiro os periódicos e crítica que non se lles facilitara con maior axilidade a información a través da Xunta de Portavoces.

Noutra orde de cousas, pide que se lle remita o informe solicitado sobre o acordo de reprobación do presidente da FEGAMP.

O **Sr. secretario** di que xa se lle remitiu ao portavoz do seu grupo.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, pide que se identifique ás persoas que o insultaron ao termo dunha sesión do Pleno, porque quere saber se coincide cunha persoa que ten negocios coa Deputación e cre que non debe ser tan difícil identificar a unha persoa, doutro xeito terá que pedilo por outro mecanismo e ao mellor o responsable é o presidente, porque esa fotografía na que el aparece discutindo con esa persoa a difundiron as redes sociais, polo que non poden dicir que non poden identificalo e fai xa seis ou sete meses que pediu esa información.

O **Sr. presidente** da comisión di que a información que solicita, tanto o informe ao que aludía como a relativa a esta sentenza se lle remitiu ao portavoz do seu grupo.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, di que falan de cousas distintas, e que el ao que se refería é que a que este asunto se soubo pola prensa antes de que se informase aos grupos; engade que no caso do informe que pediu hai seis meses, o pediu el persoalmente como deputado e non a través do seu grupo.

D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista, comenta unha noticia de La Región en relación co proxecto Conecta Ourense, na que se informa de que non vai haber

terceira convocatoria dos fondos europeos, polo que como se temía o seu grupo, a provincia quedará sen as axudas.

O **Sr. presidente** da comisión di que saíu unha convocatoria que non está aberta a Galicia, pero que a Deputación mantén o proxecto coa mesma ilusión dun principio e que se están buscando novas vías de financiamento para este proxecto.

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista, di que a subvención da Unión Europea xa se perdeu, xa que o propio presidente da comisión di que están buscando outras vías de financiamento e recomenda que o Sr. presidente da Deputación mellore a súa relación co Sr. Rajoy, porque non nos dan máis que cabazas.

E, ás 17.30 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.